



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|------------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral | | Código | 652606E3I6 |
| Titulación | 5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | Anual | Primeiro | Obrigatoria | 2 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Arza Arza, Neves | Correo electrónico | neves.arza@udc.es | |
| Profesorado | Arza Arza, Neves | Correo electrónico | neves.arza@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia converxe coas materias do itinerario de FOL. Ten como finalidade a busca, selección e análise de investigacións e experiencias innovadoras na Formación Profesional, especialmente, as relacionadas coa orientación profesional e cos módulos da especialidade de FOL. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A25 | (CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| A26 | (CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--------------|-------------------------------------|--------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Buscar, seleccionar, analizar, compartir e presentar propostas e recursos didácticos innovadores para os módulos da especialidade | AP25 AP26 | | CM1 CM3 CM6 CM7 |
| Comprender e valorar a importancia da innovación e da investigación como ferramentas para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe e para a propia aprendizaxe profesional. | AP25 AP26 | | CM6 CM7 |
| Analizar e valorar ámbitos de innovación e investigación no centro de prácticas | AP25 AP26 | | CM7 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|---|--|
| Tema 1. A innovación nos módulos e materias da especialidade. | <p>1.1. Conceptos básicos de referencia</p> <p>1.2. Ámbitos de innovación na Formación Profesional</p> <p>1.3. Competencias transversais e Obxectivos do desenvolvemento sostible como ámbitos de innovación.</p> <p>1.4. Experiencias innovadoras en Orientación profesional</p> <p>1.5. Experiencias innovadoras no módulo de FOL e de Empresa e iniciativa emprendedora</p> |
| TEma 2. A investigación no ámbito docente e orientador | <p>2.1. Temáticas e metodoloxía</p> <p>2.2. Estudos de inserción laboral</p> <p>2.3. Estudos sobre orientación profesional</p> |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A25 A26 C3 C6 C7 | 4 | 18 | 22 |
| Presentación oral | A25 C1 C3 C6 | 3 | 2 | 5 |
| Prácticas a través de TIC | C3 C6 C7 | 1 | 4 | 5 |
| Portafolios do alumno | A25 A26 C1 C6 C7 | 4 | 8 | 12 |
| Sesión maxistral | A25 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | <p>As fontes documentais obxecto de análise recollen experiencias innovadoras e pesquisas. Nos dous casos referidas á Formación Profesional, ás materias ou módulos da especialidade e a outras etapas educativas, sempre e cando podan ser transferibles á especialidade. Previamente a súa análise, teñen que buscalas e seleccionalas. Un dos obxectivos é o coñecemento e utilización de fontes para a consulta de experiencias e propostas innovadoras.</p> <p>As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portafolio grupal e teñen que difundirse entre o grupo clase a través dunha ferramenta dixital previamente seleccionada.</p> |
| Presentación oral | <p>As experiencias analizadas terán que ser presentadas na aula. Para isto dispoñen de 30 minutos e as persoas do grupo deberán de expor a experiencia analizada por outra compañeira/o.</p> |
| Prácticas a través de TIC | <p>As practicas a través de TIC céntranse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na utilización dunha ferramenta dixital para compartir as experiencias analizadas e comentar e valorar as estudadas polo resto dos grupos.</p> <p>O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe é compartida coa materia de Inserción e orientación laboral. Con estas actividades o alumnado exercita competencias dixitais docentes de tres áreas:</p> <p>a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais).</p> <p>b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais)</p> <p>c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais)</p> |



| | |
|-----------------------|---|
| Portafolios do alumno | As experiencias e pesquisas analizadas teñen que incorporarse nun portafolio grupal dixital. O portafolio ten unha parte individual (análise e valoración das experiencias e das fontes) e unha parte elaborada grupalmente sobre o concepto de innovación educativa. |
| Sesión maxistral | Coa lección maxistral preséntanse os principais eixos e ámbitos de innovación e investigación nos módulos e materias da especialidade e acótanse conceptos relacionados coa innovación educativa. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------------|--|
| Portafolios do alumno | A atención personalizada está vencellada a busca e selección de experiencias e a elaboración do portafolio. As titorías grupais serán presenciais e a través de Teams. . |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------------|---------------------------|--|---------------|
| Prácticas a través de TIC | C3 C6 C7 | A creación do marcador social é grupal. Os criterios de avaliación son o número de recursos incorporados, as etiquetas utilizadas para a súa clasificación e o nivel de descrición e valoración dos recursos incorporados. O peso na cualificación é de 0,4 puntos. A construción da contorna persoal de aprendizaxe é individual, o peso na cualificación é de 0,6 puntos. Os criterios de avaliación e cualificación para cada unha das tarefas recóllense en sendas matrices de valoración que se presentan o primeiro día de clase. | 10 |
| Presentación oral | A25 C1 C3 C6 | Todas as persoas do grupo expoñen as experiencias analizadas. A cualificación das presentacións vai ser outorgada polo alumnado a partir da valoración dos criterios recollidos nunha escala de valoración. | 10 |
| Portafolios do alumno | A25 A26 C1 C6 C7 | O portafolio ten unha parte individual e unha parte grupal, elaborada a partir dunha posta en común. A parte individual puntúa até 60 puntos e a grupal 20. Os criterios para a primeira son os seguintes: - Selección (variedade, relación coa FP e coas materias e funcións orientadoras do profesorado de FOL, transferibilidade e valoración das fontes utilizadas) - Descrición das experiencias conforme os criterios previamente fixados. - Valoración das experiencias e da súa transferibilidade. Para a parte grupal os criterios son: - Concepto de innovación, dimensións, concreción para a FP e as materias da especialidade e fontes utilizadas. - Valoración conxunta das aprendizaxes adquiridas e das experiencias. - Coñecemento e valoración das experiencias do resto dos grupos. - Creación artefacto dixital para a difusión das experiencias, caracterización e valoración sintética das experiencias. | 80 |

Observacións avaliación



CUALIFICACION GLOBAL E REQUERIMENTOS PAR APROBARA cualificación global será o resultado das puntuacións obtidas nas tres actividades. Para superar a materia é indispensable realizar as tres actividades e obter a metade da cualificación no portafolio. No caso de que non se realicen as tres actividades que computan na avaliación a cualificación será a de non presentado. Na segunda oportunidade, recúperase o portafolio e a práctica a través das TIC, nesta última actividade, en caso de non terse entregado na primeira oportunidade. **PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NA AVALIACIÓN** o alumnado participa na co-avaliación das presentacións orais a través dunha escala de valoración consensuada previamente entre a profesora e o alumnado.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

Segundo o establecido na " norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na UDC (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017): 1. Deberá poñer en coñecemento da docente a súa condición de ter dispensa académica na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento. 2. Terán que realizar, individualmente, todas as tarefas propostas ao longo do curso e entregalos nas datas fixadas pola docente.

INTEGRIDADE ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquer tipo de documento deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7ª edición. Co obxectivo de visibilizar as autoras utilizarase a citación xusta.

Plaxio e fraude na realización de tarefas e probas de avaliación

O plaxio e o fraude nas actividades de avaliación será motivo de suspenso. Así se recolle no artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC : ?na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf

Fontes de información

| | |
|----------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Allueva Pinilla, A. I e Alejandro, J. L. (2016). Simibiosis del aprendizaje con tecnología. Experiencias innovadoras en el ámbito hispano.. Prensas de la Universidad de Zaragoza - Castañeda, L y Adell, J. (2013). La anatomía de los PLEs . Alcoy: Marfil - EDUCAweb (). Premios Educaweb Orientación Académica y Profesional. http://www.eudcaweb.com/premios/ediciones/ - Ministerio de Educacion y Formación Profesional (). INTEF (Insituto Nacional de Tecnologías Educativas y de Formación del Profesorado . https://intef.es/ - INTEF: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (). INTEF. Recursos educativos . https://intef.es/recursos-educativos/ - Navas Baena, R. (2010). Investigación e innovación en el aula.. Granada: Ada. - Rebollo, Mª Ángeles (2013). La innovación educativa con perspectiva de género. Retos y desafíos para el profesorado.. Revista de curriculum y formación del profesorado, 17 (3), pp.3-8 http://www.ugr.es/~recfpro/rev171e - UNESCO (2017). Educación para los objetivos del desarrollo sostenible. Objetivos de aprendizaje. https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000252423?locale=es - López Salorio, Lucía e Aguado de la Obra, Guillermo (2019). Un currículo orientado a la ciudadanía global. Aportaciones para su construcción en Formación Profesional. InteRed <p>Para a busca de experiencias innovadoras proporcionase unha listaxe de fontes electrónicas.</p> |
|----------------------------|---|

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Inserción e orientación laboral/652606612

Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral/652606621

Iniciación á investigación educativa/652606E32

Innovación docente/652606E42

Materias que continúan o temario

Inserción e orientación laboral/652606612

Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral/652606621

Iniciación á investigación educativa/652606E32

Innovación docente/652606E42

Observacións

Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados, as tarefas que son obxecto de avaliación entregaranse en formato dixital.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías